



CONCELLO DE REDONDELA

Nº 12/2015

**SESIÓN EXTRAORDINARIA ORGANIZATIVA CELEBRADA POLO PLENO DO  
CONCELLO**

**O DÍA 30 DE XUÑO DE 2015**

**ORDE DO DÍA**

- 1 Aprobación, de ser o caso, da acta da sesión constitutiva de data 13/06/2015.
- 2 Dar conta das seguintes resolucións da Alcaldía:
  - 2.1 Delegacións da Alcaldía
  - 2.2 Nomeamento de Tenentes de Alcalde
  - 2.3 Nomeamento e delegación de competencias na Xunta de Goberno Local
- 3 Dar conta da constitución dos grupos políticos da corporación.
- 4 Proposta de creación das comisións informativas permanentes.
- 5 Proposta sobre réxime das sesións ordinarias do Pleno do concello.
- 6 Proposta sobre réxime retributivo dos membros da corporación e asignación aos grupos políticos.
- 7 Proposta sobre creación e retribucións dos postos de persoal eventual.
- 8 Proposta sobre nomeamento dos representantes do Concello a órganos colexiados.
- 9 Toma de razón das renuncias de Ana María Alonso Alonso ao seu posto de concelleira e de Cándido Vilaboa Figueroa a ser nomeado Concelleiro.

No Multiusos da Xunqueira, ás vinte horas e trinta minutos do día trinta de xuño de dous mil quince, coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Ana María Alonso Alonso, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Leticia González Guisande, Mauro Álvarez Castro, Ana Isabel Rey Gómez, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo, Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera, actuando como secretaria a secretaria xeral acctal da corporación, Paloma Meno Rodríguez.

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

**INCIDENCIAS:**

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero.

O alcalde da lectura ao seguinte escrito aos efectos de que o texto se incorpore á presente acta:

Aclaracións a cuestións relativas ao Pleno de Organización

1. Xunta de Goberno

- Se nomearon catro integrantes do goberno
- Se propón modificar o regulamento orgánico co ánimo de que os membros da oposición poidan formar parte da mesma con voz pero sen voto (se podería aproveitar para modificar algún punto máis do regulamento)
- Unha vez modificado o regulamento se poderían incorporar ata tres membros



## CONCELLO DE REDONDELA

dos grupos de oposición si así o solicitasen

### 2. Persoal de confianza para Transparencia

- Será seleccionado da bolsa de emprego municipal
- En colaboración coas ADLs:
  - Definirase o perfil de acordo coas necesidades do posto.
  - Establecerase o baremo de puntuación
  - Serán seleccionados 5 candidatos co fin de ter unha lista confeccionada en caso de baixas ou renuncias
  - Os candidatos terán unha entrevista final na que poderán participar os distintos grupos político.
- Tanto o perfil como as bases para a contratación da persoa de confianza que levará os temas de transparencia serán comunicadas aos grupos para que fagan as súas aportacións.

### 3. Comisións informativas

- Aínda que a forman 5 representantes máis o alcalde, os grupos con representación na corporación municipal superior a un, poderán incorporar un representante máis, sen que por iso se altere a ponderación de voto.

### 4. Funcións de coordinación.

- Non se trata dunha secretaria ou secretario de alcaldía.
- O ámbito do seu traballo coa alcaldía parécese máis a unha responsable de gabinete
- A coordinación das concellerías faise moi necesaria para aumentar os niveis de eficiencia na xestión dos recursos municipais
- Coa coordinación establécese unha canle de comunicación permanente entre concelleiros e alcaldía moi necesario
- A coordinación permite axilizar relacións e procedementos con outras administracións

Entre outras, as funcións a desenvolver serían:

- Xestionar a axenda da alcaldía
- Colaborar coa xestión da axenda dos concelleiros
- Xestionar as comunicacións da alcaldía
- Acompañamento ao alcalde nos actos institucionais (cando o precise o alcalde)
- Coordinar aos concelleiros nas distintas actuacións do Concello e que habitualmente afectan a máis dunha área
- Colaborar cos concelleiros a facer a tramitación das solicitudes de subvencións ou de proxectos (Segundo nivel de xestión)
- Colaborar cos concelleiros a facer o seguimento das solicitudes de subvencións ou de proxectos

Logo da formulación de distintas propostas respecto ao asunto 6 da orde do día polos grupos políticos e tras o seu debate, o alcalde fai un receso ás 21:30 horas, reanudándose a sesión ás 21:50 minutos, acordando a retirada dos puntos 6 e 7 da orde do día.



CONCELLO DE REDONDELA

## **1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CONSTITUTIVA DE DATA 13/06/2015**

Dada conta da acta do 13 de xuño de 2015 da constitución da corporación e elección de alcalde como consecuencia das eleccións locais celebradas o día 24 de maio de 2015, o pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as seus membros, acorda aprobar a acta da sesión constitutiva.

## **2.-DAR CONTA DAS SEGUINTE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

### **2.1. Delegación da alcaldía.**

Logo de informar das Resolucións da Alcaldía dos días 16 e 19 de xuño, que transcritas din:

ASUNTO. NOMEAMENTO DE MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS COMO CONCELEIRA DELEGADA E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA MESMA

“Visto o artigo 21.3 da lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime (LBRL) e 61.3 e 4 da lei 5/97 de xullo da administración Local de Galicia (LALGA).

No uso das competencias que me confiren os artigos 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

RESOLVO

1. Delegar especialmente na seguinte concelleira a dirección interna e a xestión en xeral dos servizos que se indican sen que poida resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS: Parques, Xardíns, Obras e Servizos.

2. A devandita delegación surtirá efectos a partir do día seguinte ao desta data, debendo porse en coñecemento do pleno do Concello na primeira sesión que celebre, e publicarse no Boletín Oficial da Provincia.”

ASUNTO. NOMEAMENTO DE CONCELEIROS/AS DELEGADOS E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NOS MESMOS.

“Visto o artigo 21.3 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime (LBRL) e 61.3 e 4 da Lei 5/97 de xullo da Administración Local de Galicia (LALGA).

No uso das competencias que me confiren os artigos 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

R E S O L V O

1. Delegar especialmente nos seguintes concelleiros e concelleiras a dirección interna e a xestión en xeral dos servizos que en cada caso se indican sen que poidan resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS: Medio Ambiente, Participación cidadá-Consellos parroquiais e Montes.

MARÍA TERESA PARÍS BLANCO: Comercio-consumo, Ensino-conservatorio, Muller-Igualdade e Sanidade.

JULIO CÉSAR MOUGÁN VÁZQUEZ: Deportes e Xuventude.



## CONCELLO DE REDONDELA

JESÚS CRESPO LÓPEZ: Feiras e Mercados, Eventos e Medio marino.

ARTURO GONZÁLEZ BARBEIRO : Infraestructuras, Patrimonio, Seguridade cidadá, Tráfico, Transportes e Interior.

MARÍA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA: Urbanismo, Benestar Social (Desenvolvemento local e Servizos sociais).

2. As devanditas delegacións surtirán efectos a partir do día seguinte ao desta data, debendo porse en coñecemento do pleno do Concello na primeira sesión que celebre, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.”

O concello pleno quedou enterado.

### **2.2. Nomeamento de Tenentes de Alcalde.**

Logo de informar da Resolución da Alcaldía do día 19 de xuño, que transcrita di:

“Vistos os artigos 21.2 e 23.3 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), - os artigos 62 e 63 da Lei 5/97 de xullo da Administración Local de Galicia (LALGA e os artigos 46 a 48 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) teño a ben resolver:

1. Nomear tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros/a:

Primeiro: MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS.

Segunda: MARÍA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA

Terceira: MARÍA JOSE BARCIELA BARROS

2. Dar traslado da presente resolución aos interesados, Intervención e Tesourería municipal.

3. Dar conta ao pleno do Concello, na primeira sesión que se celebre.

4. Proceder a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia.”

O concello pleno quedou enterado.

### **2.3 Nomeamento e delegación de competencias na Xunta de Goberno Local.**

Logo de informar da Resolución da Alcaldía do día 22 de xuño, que transcrita di:

“Vistos os artigos 21 b) e 23 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), 65 da Lei 5/97 de xullo da Administración Local de Galicia (LALGA) e 35,43,44,46 e 5 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF).

RESOLVO

Primeiro: Constituí-la Xunta de Goberno Local, órgano colexiado de carácter resolutorio, que, baixo a presidencia do Alcalde, está integrada polos seguintes concelleiros/as:

MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS

ARTURO GONZÁLEZ BARBEIRO

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

MARÍA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA

Segundo: Delegar na Xunta de Goberno o exercicio das seguintes atribucións:

- A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do PXOM non



## CONCELLO DE REDONDEIRA

expresamente atribuídas ó Pleno así como os instrumentos de xestión urbanística e proxectos de urbanización.

- A adxudicación definitiva de concesións e contratacións de toda clase, agás obras, non atribuídos ao pleno do Concello, cando a duración non sexa superior a catro anos e o seu importe exceda de 30.050,61 euros.
- A adquisición de bens e dereitos, así como o alleamento do patrimonio, non atribuídos ao pleno do Concello, cando o seu importe exceda de 30.050,61 euros.
- A aprobación da oferta pública de emprego, de acordo co orzamento do Concello e o cadro de persoal aprobados polo pleno do Concello.
- A aprobación das bases das probas para a selección definitiva de personal funcionario e laboral fixo e dos concursos para a provisión de postos de traballo.
- A aprobación dos padróns de impostos, taxas e prezos públicos.
- A toma de razón de sentencias en procedementos xudiciais.
- A resolución dos recursos interpostos contra os acordos da Xunta de Goberno e o exercicio das accións xudiciais ou administrativas en asuntos da súa competencia, agás casos de urxencia.

Terceiro: Dispor que a Xunta de Goberno Local celebre as súas sesións ordinarias os primeiros e terceiros martes do mes ás 8,30 horas.

Cuarto: Notificar a presente resolución aos interesados, dar conta da mesma ao pleno do Concello e proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios do Concello sen prexuízo da súa plena validez e eficacia xurídicas a partir do día seguinte ao desta data.”

O concello pleno quedou enterado.

### **3. -DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN.**

Para os efectos oportunos, ao amparo do preceptuado no artigo 25 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, publicado no BOE do 22 de decembro, infórmase da constitución dos seguintes grupos políticos, dos seus integrantes e voceiros:

#### **GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO POPULAR (PP)**

Integrantes:

JAVIER BAS CORUGEIRA

MIGUEL ÁNGEL ÁVAREZ BALLESTEROS

ANA MARÍA ALONSO ALONSO (Renuncia)

MARÍA TERESA PARÍS BLANCO (Vicevoceira)

JULIO MOUGÁN VÁZQUEZ

MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS

JESÚS CRESPO LÓPEZ

MARÍA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA (Voceira)

ARTURO GONZÁLEZ BARBEIRO



## CONCELLO DE REDONDELA

### **GRUPO POLÍTICO DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (PsdeG-PSOE)**

Integrantes:

EDUARDO REGUERA OCAMPO

DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ (Vicevoceira)

LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO

LETICIA GONZÁLEZ GUISANDE

MAURO ÁLVAREZ CASTRO

ANA ISABEL REY GÓMEZ (Voceira)

### **GRUPO POLÍTICO DA AGRUPACIÓN DE ELECTORES DE REDONDELA (AER)**

Integrantes:

RICARDO FIGUEROA RODRÍGUEZ (Voceiro)

JOSÉ BERNARDO CRESPO ABAL (Vicevoceiro)

BEATRIZ LAÍÑO FERREIRA

JORGE VARELA COUÑAGO

### **GRUPO POLÍTICO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

Integrante:

XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO (Voceiro)

### **GRUPO POLÍTICO DE REDONDELA PODE (PODER)**

Integrante:

RAQUEL QUINTÁNS COSTOYA (Voceira)

O Concello Pleno quedou informado.

## **4. PROPOSTA DE CREACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**

### **ANTECEDENTES**

Proposta da Alcaldía de data 22 de xuño de 2015, que transcrita di:

“Vistos os artigos 20.1 c) da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), 44 e seguintes do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela e 123 a 127 e 134 a 138 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) teño a ben propoer ao pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Crea-las comisións informativas de carácter permanente seguintes:

BENESTAR SOCIAL: Abrangue Desenvolvemento local, Servizos sociais, Igualdade, Ensino e Sanidade.

DEPORTES e XUVENTUDE.

PARTICIPACIÓN CIDADÁ: Abrangue Consellos parroquiais.

CULTURA E TURISMO.

URBANISMO, INFRAESTRUCTURAS E PATRIMONIO.



## CONCELLO DE REDONDELA

PLAN XERAL.

ECONOMIA E FACENDA.

INTERIOR

MEDIO AMBIENTE

Segundo.- Cada unha das comisións informativas estará integrada polo Presidente, que será o Alcalde ou concelleiro da mesma comisión en quen delegue, e cinco vocais, un por cada grupo político da corporación municipal, co voto ponderado cada un deles do seguinte xeito:

Partido Popular: 43%

Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE: 28%

Agrupación de Electores de Redondela: 19%

Bloque Nacionalista Galego: 5 %

Redondela Pode: 5%

Os diferentes grupos municipais designarán aos seus representantes en cada comisión o máis axiña posible, notificándollo á Secretaria Xeral do Concello.

Terceiro.- A Comisión informativa de Economía e Facenda asumirá as competencias que a normativa atribúe á Comisión Especial de Contas.

### INTERVENCIÓNS.-

A concelleira AMOEDO DASILVA da lectura da proposta indicando como novidade a participación e votación respecto á incorporación do voto ponderado, coa finalidade de acadar unha maior organización por operatividade nas sesións das comisións.

A concelleira QUINTÁNS COSTOYA di que está de acordo coa proposta e solicita a creación dunha comisión específica do medio mariño como así xa o tiñan solicitado.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non está de acordo co novo sistema do voto ponderado, xa que o 5% que lle corresponde ao grupo BNG non responde ao resultado das eleccións e non garante a proporcionalidade na participación.

O concelleiro FIGUEROA RODRÍGUEZ di que van votar a favor

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que van votar a favor.

A concelleira AMOEDO DASILVA en resposta á petición da Sra. Quintáns di que se incluírá á comisión do medio mariño nas comisións específicas ao non formar parte das que se inclúen na orde do día.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO reitera a súa oposición ao voto ponderado xa que non garante a participación e proporcionalidade dos concelleiros electos nas comisións como establece o regulamento orgánico, remata manifestando que o grupo do BNG nas anteriores lexislaturas sempre cumpriu en asistencia nos horarios fixados na celebración das comisións así como na realización das propostas.

### VOTACIÓN E ACORDO.-

A proposta apróbase por vinte votos a favor (9 do PP, 6 do PsdeG-PSOE, 4 de AER, 1 de Redondela PODE (PODER) e un voto en contra (1 do BNG)

## **5. -PROPOSTA SOBRE RÉXIME DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DO CONCELLO.**

### ANTECEDENTES



## CONCELLO DE REDONDELA

Proposta da Alcaldía de data 22 de xuño de 2015, que transcrita di:

“Visto o artigo 46.2 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e 17 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela cómpre que polo pleno do Concello se adopte acordo en relación á periodicidade das sesións ordinarias do pleno e a tal efecto teño a ben propor á corporación a adopción do presente acordo:

Establecer que as sesións ordinarias do pleno da Corporación se celebren o último xoves de cada mes, ás 20,00 horas. Caso de que coincida en festivo a sesión celebrárase o día hábil posterior á mesma hora, agás sábados.”

### VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido a votación a proposta apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as, sendo vinte e un votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 de Redondela PODE (PODER).

## **6. PROPOSTA SOBRE RÉXIME RETRIBUTIVO DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS.**

### ANTECEDENTES

Proposta da Alcaldía de data 22 de xuño de 2015, que transcrita di:

“Visto o disposto nos artigos 75 e 75 bis. 1 da Lei 7/85 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e 13 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), teño a ben propor ao Pleno do Concello, a adopción dos seguintes acordos en relación ao asunto de referencia:

1. Establecer que o Alcalde-Presidente exerza o seu cargo en réxime de adicación exclusiva, cun mínimo de 1.826 horas ao ano, percibindo unha retribución bruta de 55.000 € (en 12 mensualidades), con efectos do día 14.06.2015.

2. Establecer que catro concelleiros ou concelleiras designados polo Alcalde e sempre que ostenten responsabilidades de goberno, exerzan o seu cargo cunha adicación parcial de alomenos 1.370 horas anuais percibindo unha retribución bruta de 25.000 euros (en 12 mensualidades) con efectos do día seguinte ao da adopción deste acordo.

3. Establecer que outros catro concelleiros ou concelleiras designados polo Alcalde e sempre que ostenten responsabilidades de goberno, exerzan o seu cargo cunha adicación parcial de alomenos 1.096 horas anuais percibindo unha retribución bruta de 18.000 euros (en 12 mensualidades) con efectos do día seguinte ao da adopción deste acordo.

4. Establecer que os catro voceiros dos grupos políticos do PS de G-PSOE, AER, BNG e PODE R exerzan o seu cargo cunha adicación parcial (mínima de 16 horas ao mes) percibindo unha retribución bruta de 12.000 euros (en 12 mensualidades) con efectos do día seguinte ao da adopción deste acordo. No caso do voceiro do PP a retribución polo mesmo concepto e adicación será de 7.000 euros.

5. Establecer que o resto dos concelleiros e concelleiras poidan exercer o seu cargo en réxime de adicación parcial cunha adicación mínima de 12 horas/mes pola que percibirán unha retribución bruta de 6.000 euros en 12 mensualidades con efectos do día seguinte ao da adopción deste acordo.

6. Establecer as seguintes compensacións para os concelleiros/as que non teñan adicación parcial: por cada asistencia a reunións de órganos colexiados (comisións informativas, pleno, mesas de contratación...etc): 125 € por sesión cun máximo de 4 ao mes (500 €) con efectos do día seguinte ao da adopción deste acordo.





## CONCELLO DE REDONDELA

7. Establecer que para o funcionamento dos Grupos Políticos, a axuda económica será de 1.500 € brutos anuais por cada grupo, mais 1.000 € brutos anuais por cada concelleiro que teña o grupo político. O pagamento desta cantidade efectuarase por trimestres vencidos.

8. Determinar que as asignacións a grupos políticos xustificaranse mediante declaración asinada polo voceiro de cada grupo, na que se indique que a totalidade da asignación do Concello de Redondela ao grupo, destinouse integramente ás finalidades legalmente previstas, salvo que polas bases de execución do orzamento se estableza outro tipo de xustificación.

9. Determinar que a efectividade destes acordos condiciónase a habilitación da correspondente partida orzamentaria.

10. Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia e fixar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Redondela o presente acordo ao abeiro do previsto no artigo 75 bis 5. da LBRL. Igualmente deberá publicarse a resolución da Alcaldía determinando os membros da corporación que realizarán as súas funcións en réxime de adicación exclusiva ou parcial.

11. Determinar que tódolos membros da Corporación terán dereito a percibir indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo, sempre que sexan debidamente autorizados e xustificados nos términos e contías que fixa o RD 462/02 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón do servizo e de acordo coas bases de execución do orzamento.”

### INTERVENCIÓNS.-

A concelleira QUINTÁNS COSTOYA presenta a seguinte proposta do grupo REDONDELA PODE:

“Partindo da premisa que ao grupo político Redondela Pode non lle parece aceptable o soldo mínimo establecido por Real Decreto do goberno de España, pero recoñecendo que nos temos que cinguir ao estipulado por lei, e só por esta razón vémonos obrigados a acatar a cantidade imposta de 648,60 euros brutos por 14 pagas anuais como retribución dunha dedicación mínima de 40 horas semanais. Argumentamos seguindo o noso código deontolóxico o seguinte:

1. Estimamos que a figura do Alcalde deberá cobrar como máximo a cantidade de 27.241 ´ 20 euros anuais en concepto de soldo bruto. Esta cantidade saenos da multiplicación do SMI de 648,60 € por tres e polas catorce pagas estipuladas por Lei.

2. Estimamos que a figura do concelleiro en funcións de goberno debe cobrar como máximo a cantidade anual de 18.160 ´ 80 euros por xornada de 40 horas semanais.

Observando que esta figura non traballaría a tempo completo, aplicaríase unha regra de tres ás horas dedicadas, é dicir se as horas anuais traballadas a xornada completa deberían ser 1.968, dividiríamos 18.160 ´ 80 € entre 1.968 horas que nos daría un resultado de 9 ´ 23 € por hora e isto á súa vez multiplicaríamolo polo número de horas anuais traballadas polos devanditos concelleiros.

3. En canto ou persoal de confianza pensamos que como non son cargos electos, a súa contratación e retribución deben axustarse á Lei e á categoría existente na aplicación das súas funcións.

4. En canto ou resto de concelleiros, voceiros e cuantía dos partidos ou grupos representados pensamos que debe quedar nos parámetros anteriores xa dispostos pola anterior lexislatura.

A nosa reflexión final ao argumentado é:



CONCELLO DE REDONDELA

Que todo aquel que se presta a ser participe dunha lista dun partido político ou agrupación de electores faino de forma voluntaria como indica a Lei, e polo tanto defendemos que debe ser vocacional polo ben común da cidadanía, por esta imperiosa razón cremos que estas retribucións deben ser xustas, pero nunca especulativas, e todo aquel que se senta mal pagado debe pensar en dedicarse a facer patente a súa valía na empresa privada para mellorar os seus ingresos económicos.

CUADRO DE RETIBUCIÓN DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Posto	Importe bruto	Horas anuais	Horas mensuais	Horas semanais
	Anual	Mínimo	Mínimo	Mínimo
Alcalde	27.241'20 €	1826	152	38
Concelleiro 1	12.645'00 €	1370	114	29
Concelleiro 1	12.645'00 €	1370	114	29
Concelleiro 1	12.645'00 €	1370	114	29
Concelleiro 1	12.645'00 €	1370	114	29
Concelleiro 2	10.116'00 €	1096	91	23
Concelleiro 2	10.116'00 €	1096	91	23
Concelleiro 2	10.116'00 €	1096	91	23
Concelleiro 2	10.116'00 €	1096	91	23

Personal de confianza	Funcións	Importe bruto
Personal 1	Coordinadora de concelleiros	O marcado por a lei según categoría
Personal 2	Transparencia	O marcado por a lei según categoría

Voceros	Grupo político	Importe bruto mensual	Importe bruto anual
Vocero	PSOE	432,00 € + 243,00 €	8.100'00 €
Vocero	AER	432,00 € + 243,00 €	8.100'00 €
Vocero	BNG	432,00 € + 243,00 €	8.100'00 €
Vocero	PODER	432,00 € + 243,00 €	8.100'00 €
Vocero	GOBERNO	243,00 €	2.916'00 €

	Importe bruto mensual	Importe bruto anual
Resto de concelleiros	432'00 €	5.184'00 €

Aportación anual a grupos políticos	3.600'00 €
Aportación anual por concelleiro a grupos políticos	1.200'00 €
Máximo de retribución por asistencia	6.000'00 €

Proposta do funcionamento das comisións

	Xunta de voceros	Comisións informativas	Comisións específicas
Composición	(5) Alcalde + voceros	Presidenta + 5	Presidenta + 5 un por grupo
Voto		Ponderado	Ponderado
Períodicidade	Quincenal	Quincenal	A determinar en cada caso
Horario	A determinar	14 horas	A determinar
Orden do día	SI	SI	SI
Acta	NO	SI	A determinar



## CONCELLO DE REDONDELA

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o grupo do Partido Popular fai catro anos falou de que reduciríanse as asignacións aos grupos políticos, pero a proposta que agora presenta supera os 400.000 euros, cifras que non son aceptables, considera que debe facerse unha redución. Considera que a acción política é parte da acción da democracia, é parte do exercicio democrático pero que debe estar remunerada, por iso fai proposta de redución do soldo do alcalde entendendo que non é excesivamente minguado, xa que non van facer demagogia, debe ser racional dado que Redondela é o cuarto municipio da provincia e debe ter soldo digno. Di que debe reducirse un 20% e chegar a 45.000 euros anuais, as retribucións dos/as Concelleiros/as equipo de goberno: 3 adicacións exclusivas 2.500€/mes en 14 pagas, as retribucións dos/as Voceiros/as: 650€ mensual x 4 grupos (PSOE, AER, BNG, PODE), as retribucións dos/as Concelleiros/as oposición: 300€/mes x 8 x 12 mensualidades e as retribucións dos Grupos políticos/mes: 300€ Grupo e 200€ Concelleiro/a

Remata engadindo que o proposta da coordinadora do alcalde non se debe manter.

O concelleiro FIGUEROA RODRÍGUEZ di que non se poden aumentar os gastos, e presenta a seguinte proposta:

### PROPOSTA RETRIBUCIÓN CORPORACIÓN MUNICIPAL

PUESTO	Importe Bruto	Horas Anuais	Horas Mensuais	Horas Semanais
	Anual	Mínimo	Mínimo	Mínimo
Alcalde	41.000	1.826	152	38
Concelleiro 1	23.000	1.370	114	29
Concelleiro 1	23.000	1.370	114	29
Concelleiro 1	23.000	1.370	114	29
Concelleiro 1	23.000	1.370	114	29
Concelleiro 2	18.000	1.096	91	23
Concelleiro 2	18.000	1.096	91	23
Concelleiro 2	18.000	1.096	91	23
Concelleiro 2	18.000	1.096	91	23

		Importe Bruto Anual
Persoal Confianza		
Persoal 1	Coordinadora concelleiros	25.000
Persoal 2	Transparencia	21.000

		Importe Bruto Anual
VOCEIROS		
Voceiro 1	PSOE	8.100 (675€/mes)
Voceiro 2	AER	8.100
Voceiro 3	BNG	8.100
Voceiro 4	PODE	8.100
Voceiro 5	GOBERNO	-

Resto Concejales	432/mes	5.184
Aportación anual a Grupos políticos		2.700 (675€/trimestre)
Aportación anual por Concelleiros a Grupos		300 (75€/trimestre)
Remuneración por asistencia. Máximo		5.184

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que cada grupo político presenta una proposta distinta e que o alcalde tivo que manter reunións conxuntas para presentar propostas así como cos voceiros. Pasa a expoñer a súa proposta:



## CONCELLO DE REDONDELA

POSTO	PROPOSTA PSdeG REDONDELA
Alcalde	40.000
Concelleiro 1	16.312,50
Concelleiro 2	16.312,50
Concelleiro 3	16.312,50
Concelleiro 4	16.312,50
Concelleiro 5	16.312,50
Concelleiro 6	16.312,50
Concelleiro 7	16.312,50
Concelleiro 8	16.312,50
Total Concelleiros	130.500
<b>TOTAL</b>	<b>170.500</b>

PERSOAL	PROPOSTA PSdeG REDONDELA
Secretaria ou secretario alcalde	26.000
<b>TOTAL</b>	<b>26.000</b>

VOCEIROS E VOCEIRAS	PROPOSTA PSdeG REDONDELA
Voceira PSOE	8.100
Voceiro AER	8.100
Voceiro BNG	8.100
Voceira PODE	8.100
Voceira PP	7.000
<b>TOTAL</b>	<b>39.400</b>

	PROPOSTA PSdeG REDONDELA
Resto concelleiros e concelleiras	$5.184 \times 8 = 41.472$
Anual grupos	$3.600 \times 5 = 18.000$
Anual por concelleiros e concelleiras	$1.200 \times 21 = 25.200$
<b>TOTAL</b>	<b>84.672</b>



## CONCELLO DE REDONDELA

Remata a intervención indicando que non queren o posto da coordinadora da alcaldía, debe ser secretaria do alcalde.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a dedicación á política é vocacional, di respecto á proposta de REDONDELA PODE que non se pode pretender que o alcalde de Redondela cobre menos que os concelleiros de PODEMOS de Madrid, xa que é o máximo responsable e debe ter un salario digno. Debe dignificarse o seu traballo. Queren agradecer aos grupos políticos que faloron co alcalde e escoitaron as propostas. Lembra as palabras do alcalde no discurso da investidura, no que dixo que se tiña que atopar o entendemento, e que non se pode excluír a ninguén. Di que o PSdeG-PSOE non se reuniu co alcalde, xa que a proposta que presentan agora non a coñecían. Di que o partido popular cando chegou ao goberno na anterior lexislatura axustouse á realidade e ás necesidades do día a día. O PSdeG-PSOE esquece o que cobraban no seu día. Remata dicindo que se debe ser coherente.

A concelleira QUINTÁNS COSTOYA di que a súa proposta é a máis xusta. Di que o salario é suficiente, e que se non están de acordo que se dediquen á empresa privada.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que ten que desaparecer o persoal eventual da proposta. Di que é suficiente tres persoas liberadas co Alcalde.

O concelleiro FIGUEROA RODRÍGUEZ pide disculpas aos veciños por non chegar a un acordo. Reitera que coa súa proposta aforrarián 60.000 euros.

O concelleiro REGUERA OCAMPO segue coa exposición dos soldos dos concelleiros e voceiros. Eles están dispostos a reunirse se se convocan a todos os voceiros xa que é o que propuxeron ao alcalde.

A concelleira AMOEDO DASILVA di á voceira de REDONDELA PODE que a proposta presentada polo seu partido responde a un código ético e deontolóxico en asemblea e a súa proposta non se pode contemplar. Respecto ao manifestado polo Sr. Reguera di que o alcalde dende o primeiro momento propuxo a celebración de reunións. Pon o exemplo do soldo fixado polo PSdeG-PSOE ao alcalde en Culleredo de 51.660 euros. Di que se debe dialogar e falar co alcalde e o que fan é demagogia. Cando gobernaban tiñan soldos máis elevados, poñendo como exemplos o do alcalde e tenente de alcalde anteriores. Agradece aos grupos que escoitaron ao alcalde. Remata reincidindo na incoherencia do PSdeG-PSOE.

O Concello pleno queda informado.

### **7. PROPOSTA SOBRE CREACIÓN E RETRIBUCIÓN DOS POSTOS DE PERSOAL EVENTUAL.**

Retírase da orde do día.

### **8. PROPOSTA SOBRE NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DO CONCELLO E ÓRGANOS COLEXIADOS.**

#### **ANTECEDENTES**

Proposta da Alcaldía de data 22 de xuño de 2015, que transcrita di:

“Visto o disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) por canto é necesario o nomeamento dos representantes da corporación nos órganos colexiados que sexan competencia do pleno, teño a ben propor:

1. Establecer que os representantes que lle corresponden ao Concello de Redondela na Mancomunidade Intermunicipal de Vigo (4 en total aparte do Alcalde que é membro nato)



## CONCELLO DE REDONDELA

sexan os que designe cadanseu dos grupos políticos da corporación, agás o Partido Popular. A tales efectos, os voceiros dos grupos non unipersoais comunicarán á secretaria xeral os seus respectivos representantes a maior brevidade posible.

2. Nomear ao alcalde, JAVIER BAS CORUGEIRA, representante do Concello de Redondela diante da Autoridade Portuaria de Vigo.”

### INTERVENCIÓNS.-

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que apostan pola área metropolitana.

### VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido a votación a proposta apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as, sendo vinte e un votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 de Redondela PODE (PODER).

## **9.- TOMA DE RAZÓN DAS RENUNCIAS DE ANA MARÍA ALONSO ALONSO AO SEU POSTO DE CONCELEIRA E DE CÁNDIDO VILABOA FIGUEROA A SER NOMEADO CONCELEIRO.**

### ANTECEDENTES:

Visto o escrito presentado con data 19.06.2015 por Dona. Ana María Alonso Alonso, renunciando á súa condición de concelleira, cargo no que tomou posesión na sesión constitutiva da Corporación celebrada o día 13.06.2015, ao ter sido proclamada electa coa candidatura presentada polo PARTIDO POPULAR, así como o escrito de renuncia presentado o 19.06.2015 polo seguinte candidato da lista electoral D. Cándido Vilaboa Figueroa á ser concelleiro, ponse en coñecemento do pleno ao amparo do disposto nos artigos 182.2 da Lei 5/1985, 19 de xuño, Orgánica do Réxime Electoral Xeral e artigo 9.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais para que poida tramitarse diante da Xunta Electoral a súa substitución, pola persoa que segue na lista electoral do PARTIDO POPULAR (PP), FRANCISCO JAVIER ALONSO GONZÁLEZ (Independente).

### VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno do concello, por asentimento unánime, toma coñecemento das citadas renuncias, para os efectos oportunos.

E non habendo mais asuntos a tratar, o alcalde levanta a sesión sendo as vinte e dúas horas do indicado no encabezamento, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-